



CONCELLO DE BUEU

GABINETE DE COMUNICACIÓN

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
comunicacion@concellodebueu.gal / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111



## **COMUNICADO DO CONCELLO DE BUEU EN RELACIÓN CO DECRETO 179/2020, DE 4 DE NOVEMBRO, SOBRE MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA COVID-19**

O goberno local de Bueu reuniuse este xoves para valorar o Decreto 179/2020 da Xunta de Galicia que entrará en vigor este venres e que aplica medidas restritivas para previr a expansión da Covid-19.

O primeiro que queremos indicar é que o Concello de Bueu non se atopa en alerta, de aí que non dispoñamos do número das persoas contaxiadas, que con todo é baixo. Agardamos manernos nesta situación e para iso solicitamos a colaboración de todas as persoas, veciños e veciñas, que deberán seguir actuando con responsabilidade e sensibilidade, coidándose a si mesmas e ás demais. O grupo de goberno está en permanente alerta e conta cun plan de actuación que irá aplicando en caso de que se endureza a situación, para o que fai un seguimento diario do que acontece na nosa vila e na contorna.

Ante a situación en alerta vermella dos concellos colindantes e o peche perimetral destes, cremos conveniente transmitir á cidadanía bueuesa que debe seguir respectando as medidas para previr a expansión da Covid-19 (uso obrigado de máscara, distancia interpersonal, uso de xel hidroalcohólico...). Así mesmo, debemos manter unha normalidade controlada, e dentro das posibilidades, a veciñanza debe reducir a mobilidade ao máximo posible, tanto interior como exterior, pois as boas cifras non nos deben levar a baixar a garda en ningún momento. Neste sentido, a Alcaldía dará instrucións á Policía Local para que incremente o control e a vixilancia para velar polo cumprimento das medidas. E tamén se solicitará á Subdelegación do Goberno en Pontevedra que reforce os controis da Garda Civil nos accesos a Bueu, dado que a cidadanía está preocupada polos movementos de persoas que se poidan derivar doutros municipios en alerta vermella e moi próximos a nós.

Dende o comezo da pandemia, o Concello de Bueu, a través do Comité de Seguridade, estivo sempre atento e valorando as diversas modificacións e o avance da Covid-19 no municipio, sempre coa vista posta na garantía da seguridade cidadá. Neste sentido, contamos cun protocolo de uso das instalacións municipais dende hai tempo, un plan que os



CONCELLO DE BUEU

GABINETE DE COMUNICACIÓN

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
comunicacion@concellobueu.gal / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111



clubs deportivos e entidades culturais levan aplicando con moita dilixencia e sempre cun sentido de responsabilidade colectiva. Agradecemos, pois, a súa valentía para manter as actividades adaptadas ás circunstancias que vivimos e co cumprimento de todas as medidas indicadas dende o Concello.

Así mesmo, desde o goberno agradecemos o esforzo que está levando a cabo o conxunto do persoal sanitario, en especial o do Centro de Saúde de Bueu, a pesar das dificultades que atravesan e da escaseza de medios.

E tampouco podemos esquecer ao comercio local e á hostalería da vila, que atravesan momentos complexos pero que están resistindo e demostrándonos a súa valentía. Cómpre salientar que ao seu carón estaremos sempre, apoiándoos e axudándoos a través da organización de campañas e eventos que dinamicen as compras locais, porque eles son a alma e o que mantén Bueu vivo.

A continuación expoñemos de forma moi reducida as principais medidas a ter en conta, aínda que toda a información actualizada se pode seguir na web [www.coronavirus.sergas.gal](http://www.coronavirus.sergas.gal), ou consultar de forma detallada a *“Orde do 4 de Novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia”*.

**Bueu, a 5 de novembro de 2020**



**Decreto 179/2020 da Xunta, de 4 de novembro  
de 2020**

**MEDIDAS  
PREVENTIVAS ANTE A  
COVID-19**

**Info actualizada en [www.coronavirus.sergas.gal](http://www.coronavirus.sergas.gal)**

## MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



As medidas estarán en vigor a partir do sábado, 7 de novembro, ás 00.00 h, e terán vixencia ata o 4 de decembro, con posibilidade de revisión.

## MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



As persoas non poderán circular por espazos ou vías públicas entre as 23.00 e as 06.00 h, agás excepcións.

## MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



Restriccións á mobilidade nos concellos con maior incidencia epidemiolóxica (é dicir, non se poderá entrar nin saír destas áreas, agás por razóns laborais e actividades esenciais). **Bueu non se atopa en alerta, pero aconsellamos reducir a mobilidade interior e exterior.**

## MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



- **Lugares de culto**, enterros e velorios: 25 persoas ao aire libre e 10 en lugares pechados.
- **Cerimonias relixiosas / civís:** 100 persoas ao aire libre, e 50 en espazos pechados.

## MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



- **Hostalaría /restauración:** 50% da súa capacidade en interior e 75% en terraza.
- Prohibido consumo en barra.



## MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



- Bibliotecas, arquivos, museos, salas de exposicións e outros equipamentos culturais: os actos presenciais non superarán o 50%.

# MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



- Cines, teatros, auditorios, circos de toldo e espazos similares: en butacas preasignadas.
  - 60 persoas en interior
  - 150 persoas en exterior

# MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



- **Práctica de actividade física** e deportiva, non federada ao aire libre: de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e máximo 6 persoas.

## MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



- Nas **instalacións deportivas**, as actividades serán en grupos de máximo 6 persoas e sen superar o 50% da capacidade.

## MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



- A celebración de eventos deportivos, adestramentos e competicións poden facerse con público sempre con butacas preasignadas.

60 persoas en interior

150 persoas en exterior

## MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A COVID-19



O Concello apela á cidadanía para que sigamos respectando todas as medidas: uso obrigatorio de máscara, distancia interpersoal, xel hidroalcólico, limitar a mobilidade...

**É responsabilidade de tod@s!**